

INTERVENCIÓN MESA SECTORIAL 6 DE FEBREIRO DE 2018

1. Oferta de emprego

CCOO demandamos 2 cuestións previas:

1. Que a Consellería de Educación demande ante o estado a eliminación da taxa de reposición. **A Consellería informa de que xa está defendendo esa posición.**
2. Criticamos que se anuncie a oferta de prazas e especialidades previamente á reunión da mesa sectorial.

CCOO-Ensin demandou a oferta da terceira parte da totalidade das prazas que deben saír, ao final do período transitorio (3 anos). O noso obxectivo é reducir as taxas de temporalidade ata o 5% (recollido noutro acordo asinado por CCOO). A proposta inicial da Consellería de 450 prazas de consolidación rexeitámola por insuficiente e así o trasladamos á subcomisión do Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos que tivo lugar o luns día 5 de febreiro. Como consecuencia da negociación e do acordo asinado, finalmente ofertáranse 581 prazas de consolidación. Esta última oferta valorámola moi positivamente, porque se acerca ao obxectivo do terzo de prazas reclamado inicialmente. Pasar de 1.072 prazas a 1.653 para ingreso libre é unha moi boa noticia para as opositoras e opositores. Queremos destacar que o acordo asinado supón un incremento dun 54,2% de máis prazas que se ofertara só as de reposición.

SOBRE A OFERTA EN CONCRETO demandamos:

- Oferta de prazas de ingreso libre nas EOI
- Que se estude a oferta doutras especialidades neste período de 3 anos, entre elas: Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos, Latín e Francés no corpo de PES, navegación e instalacións mariñas...

2 . Proxecto de orde pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de Mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e Mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Facer efectivo o carácter de concurso-oposición, dando instrucións aos tribunais, para que se cumpra a lei que obriga a dar por superada cada proba cunha nota igual ou superior a 5. Será a fase de concurso, a que determine o número final de aprobadas e aprobados.
2. Reducir o número de opositoras e opositores por tribunal.
3. Garantir o anonimato das probas
4. Publicitar as cualificacións diariamente.
5. Garantir a mesma proba en todos os tribunais da mesma especialidade.
6. Normas claras con publicidade previa sobre o formato das probas escritas.
7. Rotación das localidades onde se desenvolven as probas.
8. Baremación dor méritos por parte da Dirección Xeral e non dos tribunais.
9. Gratuidade da matrícula para as e os demandantes de emprego.
10. Incrementar todos os prazos de reclamación e presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



INTERVENCIÓN MESA SECTORIAL 6 DE FEBREIRO DE 2018

11. Demandamos que todos os tribunais estean formados por profesorado da especialidade en todos os casos e non só cando sexa posible.
12. Solicitamos que a data de presentación sexa marcada posibilitando poder presentarse noutras comunidades autónomas.
13. Considerar como motivo xustificado a non asistencia ao acto de presentación por ingreso hospitalario.
14. Solicitamos que as dúas partes da 1ª proba deberían realizarse coincidindo coa presentación.
15. Establecer a duración máxima da proba práctica naquelas especialidades nas que non está explicitada.
16. Modificar a ponderación das dúas partes da 1ª proba, outorgando un 40% ao suposto práctico e o 60% ao tema.
17. Adecuar a orde á terminoloxía LOMCE. Nas programacións deben reflectirse os criterios de avaliación, contidos e estándares de aprendizaxe tal e como aparece no decreto s de curriculum actuais. Da mesma forma, utilizar nos casos de PT e AL a atención ao alumnado con NEAE en lugar de NEE.
18. Solicitamos que o profesorado en prácticas teñan destino en centros nos que exista profesorado da súa mesam especialidade para poder titoralos.
19. Inclusión do grao en terapia ocupacional como titulación que permita o acceso ás listas de interinos das especialidades de procesos sanitario e procedementos sanitarios e asistenciais.

EN CANTO AO BAREMOS, demandamos:

1. Valorar o mestrazgo de formación de profesorado de secundaria, escolas de idiomas e FP, para o corpo de mestres, xa que non constitúe un requisito de acceso.
2. Incluir como baremables as linguas cooficiais.
3. Demandamos que os méritos que figuran no expediente persoal, non só os servizos, senón tamén titulacións e formación, deben ser xa valorados de oficio.
4. Valoración dos cursos de menos de 30 horas (no baremos do acceso).
5. Incrementar a puntuación por título de licenciado ou de grao distinto ao alegado (no baremos do acceso).
6. Eliminar a puntuación por servizos prestados na inspección e noutras cargos da Consellería (no baremos do acceso).
7. Desenvolvemento das mesmas especificacións para o exercicio práctico en todas as especialidades. Ademais débense aclarar diferentes cuestións que aparecen de forma moi xenérica. Todas as opositoras e opositores deben coñecer que medios, instrumentos, etc e como se lle facilitan. Asimesmo, adecuar os supostos prácticos aos temarios vixentes.

4. PROXECTO DE ADDENDA AO ACORDO DE INTERINOS

Pensamos que o establecido na Addenda é o máis acaído, xa que as 3 listas ás que se refire estaban funcionando como lista única ao non haber oposicións desas especialidades.

Con esta addenda reforzamos o espírito do acordo de acceso ás listas de interinidades polo que se prima a estabilidade en función do tempo traballado.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

